

MARCO TEÓRICO.

A Aprendizaxe Cooperativa é :

- unha condición e un instrumento para a **inclusión** , para o desenvolvemento da **solidariedade** e a **cohesión social**.
- unha finalidade do sistema educativo e , á súa vez, un medio para o **desenvolvemento das competencias clave**.
- Utilizar cunha finalidade didáctica o traballo en equipos reducidos de alumnos e alumnas, empregando unha estrutura da actividade de xeito que se asegure ao máximo a **participación igualitaria** de todos os membros do equipo e a **interacción simultánea** entre eles.

A estrutura cooperativa da actividade permite o desenvolvemento das estratexias para a **atención á diversidade na aula**, coa finalidade de que todos os membros dun equipo aprendan os contidos escolares **cada un ata o máximo das súas posibilidades** e aprendan , ademais, *a traballar en equipo* e outros valores como a solidariedade, o respecto polas diferenzas, a axuda mútua, etc. –Pere Pujolás. 2008.